



**NARÓN**

## CONCELLO DE NARÓN

### Datos Do Expediente:

EXPEDIENTE DE PLENO		
Unidade Tramitadora:		
Organos de Goberno e Central – MCCM		
Número expediente:	Documento:	
GOB/2025/15	GOB19I003H	
1U2D 542U 4R4M 1F0Z 142T 2 1U2D542U4R4M1F0Z142T÷ » 2 1U2D542U4R4M1F0Z142T÷ »		

## ACTA DA SESIÓN DO CONCELLO PLENO, CELEBRADA CON CARÁCTER EXTRAORDINARIO O SETE DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO

### SRES/AS ASISTENTES:

**SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:**  
DONA MARIAN FERREIRO DIAZ

### **SRES/AS CONCELLEIROS/AS:**

TERRA GALEGA VOCAL - RAMOS RODRIGUEZ, MANUEL ANTONIO  
TERRA GALEGA VOCAL - ROMERO FRANCO, ROMAN  
TERRA GALEGA VOCAL - HERMIDA RICO, NATALIA  
TERRA GALEGA VOCAL - MAURIZ ROMERO, JUAN PABLO  
TERRA GALEGA VOCAL - SANTALLA BORREIROS, JOSE IBAN  
TERRA GALEGA VOCAL - GOMEZ CASAL, M.DEL MAR  
TERRA GALEGA VOCAL - AMENEIRO LOPEZ, OLGA  
TERRA GALEGA VOCAL - OREONA BRA, JOSE  
TERRA GALEGA VOCAL - LORENZO TOJEIRO, MARIA DEL CARMEN  
PARTIDO POPULAR VOCAL - CASTRILLON PERMUY, GERMAN  
PARTIDO POPULAR VOCAL - NOVO MOURIZ, TANIA  
PARTIDO POPULAR VOCAL - YAÑEZ FREIRE, NURIA  
PARTIDO POPULAR VOCAL - PORTELA PARGA, PEDRO  
PARTIDO POPULAR VOCAL - IGLESIAS BLANCO, GONZALO  
PARTIDO POPULAR VOCAL - BOUZAMAYOR VILLASUSO, ANA VANESA  
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO VOCAL - LEDO DIAZ, OLAIA MARGARITA  
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO VOCAL - CARBALLEIRA LOPEZ, EUGENIO  
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO VOCAL - MOSQUERA PUENTES, BEATRIZ  
PARTIDO SOCIALISTA DE GALICIA VOCAL -

Na casa do Concello de Narón, ás 09:31 do sete de febreiro de dous mil vinte e cinco, baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa-Presidenta, DONA MARIAN FERREIRO DIAZ, reúnese o Concello Pleno para celebrar sesión extraordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.

Actúa de secretario DON ALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-CANTELI, o Secretario Xeral.

Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

ULLA ROCHA, JORGE  
PARTIDO SOCIALISTA DE GALICIA VOCAL -  
DE ARRIBA FERNANDEZ, SILVIA MARIA

**SRA. INTERVENTORA XERAL:**  
DONA MARIA DEL PILAR CANZOBRE MENDEZ

**SR. SECRETARIO XERAL:**  
DON ALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-  
CANTELI

**1 º.- PROPOSTA DE PARTICIPACIÓN DO CONCELLO NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+2025" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA..**

-Lida polo secretario xeral a proposta que di así: En relación ao expediente relativo á Participación deste Concello no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2025, o xefe do Servizo de Contratación, en data 31 de xaneiro de 2025, elevou a esta alcaldía-presidencia o informe-proposta que di:

“Vista a seguinte normativa e documentación remitida pola Deputación Provincial:

- Circular, remitida a este Concello con data 2 de decembro de 2024, a través da Plataforma SUBTEL, sobre a aprobación das bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “POS+ 2025”.
- Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+2025”, aprobado polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29 de novembro do 2024 (BOP nº 233, de 3 de decembro de 2024).

As cantidades do POS+2025 asignadas a este Concello para cada uns dos tipos de achega son as que figuran na seguinte táboa:

Achega provincial 2025	Achega provincial 2024	Total POS+2025
840.684,07 €	815.958,07 €	1.656.642,14 €

Ao abeiro de dito Plan, é intención deste Concello acometer as seguintes actuacións:

1. Financiamento de gastos de limpeza viaria, segundo o seguinte desglose:

Gasto total 2025	Achega provincial 2025	Achega provincial 2024	Aportación municipal
1.687.705,55 €	252.983,40 €	453.791,72 €	980.930,4€

2. Execución dos seguintes investimentos, con cargo á “Achega provincial 2025”:

INVESTIMENTO	IMPORTE
Execución de beirarrúas en rúa Álvaro Paradela – Fase I	235.551,33 €

INVESTIMENTO	IMPORTE
Acondicionamento do centro de maiores das vivendas da Mariña	*290.813,51 €
Ampliación da rede de saneamento en A Picota (O Couto)	91.645,17 €
Reposición da carpintería exterior no Local Social de San Xiao	52.813,62 €
Mellora da accesibilidade na contorna da Praza do Concello	76.877,04 €
<b>TOTAL</b>	<b>747.700,67 €</b>

\*Prevese que esta obra se financie parcialmente con recursos procedentes dunha empresa privada, por importe de 160.000,00 €.

2. Execución do seguinte investimento financeiramente sostible, con cargo á “Achega provincial 2024”:

INVESTIMENTO	IMPORTE
Reposición de rodadura en camiños de Pedroso, Sedes, Castro e O Val	362.166,35 €
<b>TOTAL</b>	<b>362.166,35 €</b>

3. Execución, en caso de se consolidar os fondos provinciais para a súa financiación, do seguinte investimento financeiramente sostible con cargo ao POS+2025 COMPLEMENTARIO:

INVESTIMENTO	IMPORTE
Ampliación da rede de saneamento en A Rocha (Sedes)	464.643,68 €
<b>TOTAL</b>	<b>464.643,68 €</b>

No informe adxunto subscrito por este funcionario detállase o Plan de Financiamento necesario para acometer ditas actuacións, que contarán con fondos propios e provinciais, no marco das achegas provinciais 2025 e 2024, e a posible aprobación do Plan Complementario.

Polo anteriormente exposto quen subscribe eleva á alcaldía-presidencia, para que someta a debate e votación do Concello Pleno, previo ditame da comisión informativa de Contratación, Persoal e Espacial de Contas a seguinte

## PROPOSTA:

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2025”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á “achega provincial 2025” e con cargo á ”achega provincial 2024”:

### A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2025:

	Deputación
Achega provincial 2025 aplicada ao financiamento de gastos correntes	252.983,40 €
Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes	453.791,72 €
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>706.775,12 €</b>

## B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2025		FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO			
Denominación da obra ou da subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Execución de beirarrúas en rúa Álvaro Paradela – Fase I	235.551,33 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	235.551,33 €
Acondicionamento do centro de maiores das vivendas da Mariña	130.813,51 €	160.000,00 €	0,00 €	160.000,00 €	290.813,51 €
Ampliación da rede de saneamento en A Picota (O Couto)	91.645,17 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	91.645,17 €
Reposición da carpintería exterior no Local Social de San Xiao	52.813,62 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	52.813,62 €
Mellora da accesibilidade na contorna da Praza do Concello	76.877,04 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	76.877,04 €
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2025</b>	<b>587.700,67 €</b>	<b>160.000,00 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>160.000,00 €</b>	<b>747.700,67 €</b>

ACHEGA PROVINCIAL 2024 (Investimentos financeiramente sostíbeis)		FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO			
Denominación da obra ou da subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Reposición de rodadura en camiños de Pedroso, Sedes, Castro e O Val	362.166,35 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	362.166,35 €
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2024</b>	<b>362.166,35 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>362.166,35 €</b>

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

## C) Resumo:

POS+ 2025 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento Total
			Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2025	252.983,40 €				252.983,40 €
	Achega 2024	453.791,72 €				453.791,72 €
B- INVERSIONES	Achega 2025	587.700,67 €	160.000,00 €	0,00 €	160.000,00 €	747.700,67 €
	Achega 2024	362.166,35 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	362.166,35 €

C- TOTAL	Achega 2025	840.684,07 €	160.000,00 €	0,00 €	160.000,00 €	1.000.684,07 €
	Achega 2024	815.958,07 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	815.958,07 €
	TOTAL	1.656.642,14 €	160.000,00 €	0,00 €	160.000,00 €	1.816.642,14 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2025 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles  (mínimo do 25% da achega provincial 2025)	(A) Orzamento de contrata	(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)	(C) = A-B Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B)
Ampliación da rede de saneamento en A Rocha (Sedes)	464.643,68 €	0,00 €	464.643,68 €
<b>TOTAIS</b>	<b>464.643,68 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>464.643,68 €</b>

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2025 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Polo anteriormente exposto; logo da toma de razón da Intervención Xeral deste Concello con data 31 de xaneiro de 2025 (documento ICO19I000I), e visto o ditame favorable por maioría,



con 7 votos a favor (5 TEGA, 2 BNG) e 4 abstencións (3 PP, 1 PSdeG-PSOE) da Comisión informativa de Contratación, Persoal e Espacial de Contas do 4 de febreiro de 2025, o seu presidente propón ao Pleno:

## PROPOSTA

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2025”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á “achega provincial 2025” e con cargo á “achega provincial 2024”:

### A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2025:

	Deputación
Achega provincial 2025 aplicada ao financiamento de gastos correntes	252.983,40 €
Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes	453.791,72 €
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>706.775,12 €</b>

### B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2025	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou da subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Execución de beirarrúas en rúa Álvaro Paradelo – Fase I	235.551,33 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	235.551,33 €
Acondicionamento do centro de maiores das vivendas da Mariña	130.813,51 €	160.000,00 €	0,00 €	160.000,00 €	290.813,51 €
Ampliación da rede de saneamento en A Picota (O Couto)	91.645,17 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	91.645,17 €
Reposición da carpintería exterior no Local Social de San Xiao	52.813,62 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	52.813,62 €
Mellora da accesibilidade na contorna da Praza do Concello	76.877,04 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	76.877,04 €
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2025</b>	<b>587.700,67 €</b>	<b>160.000,00 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>160.000,00 €</b>	<b>747.700,67 €</b>

ACHEGA PROVINCIAL 2024 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou da subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga	Total Concello	

			potable)		
Reposición de rodadura en camiños de Pedroso, Sedes, Castro e O Val	362.166,35 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	362.166,35 €
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2024</b>	<b>362.166,35 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>362.166,35 €</b>

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

## C) Resumo:

POS+ 2025 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Concello				Orzamento Total
		Deputación	Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2025	252.983,40 €				252.983,40 €
	Achega 2024	453.791,72 €				453.791,72 €
B- INVESTIMENTOS	Achega 2025	587.700,67 €	160.000,00 €	0,00 €	160.000,00 €	747.700,67 €
	Achega 2024	362.166,35 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	362.166,35 €
C- TOTAL	Achega 2025	840.684,07 €	160.000,00 €	0,00 €	160.000,00 €	1.000.684,07 €
	Achega 2024	815.958,07 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	815.958,07 €
	<b>TOTAL</b>	<b>1.656.642,14 €</b>	<b>160.000,00 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>160.000,00 €</b>	<b>1.816.642,14 €</b>

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2025 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% da achega provincial 2025)	(A) Orzamento de contrata	(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)	(C) = A-B Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B)
Ampliación da rede de saneamento en A Rocha (Sedes)	464.643,68 €	0,00 €	464.643,68 €
<b>TOTAIS</b>	<b>464.643,68 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>464.643,68 €</b>

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.



4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2025 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

## **DEBATE**

-Sr. Romero Franco: ben, bos días a todas e a todos. Pois estamos aquí para traer esta proposta de participación no POS+ 2025, e como é habitual e mostrando o proxecto claro que se quere para Narón por este grupo de goberno, estas obras contemplan o traballo que se leva facendo ata agora en temas de accesibilidade e saneamento maiores e zona rural sobre todo coa reposición de rodaduras.

Neste caso, pois traemos estas obras que veñen aquí expostas a execución de beirarrúas en rúa Alvaro Paradela, nunha primeira fase; acondicionamento do centro de maiores das Vivendas da Mariña; ampliación da rede de saneamento da Picota-O Couto; a reposición de carpintería exterior no Local Social de San Xiao; mellora de accesibilidade na contorna da Praza do Concello; reposición de rodadura en camiños de Pedroso, Sedes, Castro e O Val e como Plan Complementario, pois esa ampliación de saneamento en A Rocha, Sedes.

E nada máis. Esperemos ter o apoio de todo o pleno municipal e nada máis. Moitas grazas.

-Sr.Ulla Rocha: grazas. Bo día.

Primeiramente destacar o compromiso neste caso, do Partido Socialista a nivel provincial no seo do órgano provincial da Deputación da Coruña, que a través do POS dende que o goberno no 2015, incrementou nun 72% as axudas a este POS, o que permite que hoxe Narón poida disfrutar dunha liña de axuda do Plan de Obras e Servizos de casi 3 millóns co adicional ... Bueno, dito isto estamos a favor loxicamente de todas estas obras que aparecen aquí no POS, pero non estamos tanto de acordo en que se destine casi a metade ao que é o gasto corrente.

O gasto corrente, para que a xente nos entenda é digamos que, eses cartos que son específicos que veñen da Deputación que hai que facer unha obra ou un servizo determinado e que ten que ser cunha memoria, cun proxecto, que ten que ir comunicado neste caso a Deputación, e digamos hai como unha dobre garantía ou hai digamos un dobre visado dese proxecto.

Desta maneira o gasto corrente, o que se fai é metelo na caixa e unha vez dentro da caixa do Concello de Narón pois destinalo a outras cousas totalmente distintas, que pode ser para Obras ou Servizos ou pode ser para a luz, ou parar poñer unha farola ou “x”, ou incluso



podería ser para pagar esa suba da auga que non se está aplicando e que supostamente hai que facer algún día algunha auditoría.

Ben, por eso o Partido Socialista entende que este POS non pode contar co seu voto a favor se non cunha abstención. Por que? Porque non hai digamos, obras e servicios que si que puideron ser aprobados e hai acordos plenarios nese senso ao longo de todo o ano que podían perfectamente ter cabida neste plan, neste POS, e que podían ter incluso cabida nese orzamento de máis de 700.000 euros.

Por poñer un exemplo: pois mira, a zona de parque deportiva que se pediu no Ponto, con tantas firmas de veciños que se pediu por Rexistro e que trouxemos aquí neste Pleno, e que foi aprobada, foi unha pena que hoxe non estea aquí neste POS.

E tantas e tantas cousas, non vou a referirme a todos os acordos pero que están aí. Algún día ao mellor teremos que discutir outra vez no Pleno porque non están cumpridos os acordos plenarios.

Polo tanto, eu estou convencido de que Terra Galega, neste caso, o equipo de goberno non metería tanto POS a gasto corrente se non tivera a certeza plena de que vai ter o voto favorable nos orzamentos. Porque loxicamente non creo que se privase de 700.000 euros que podería que meter agora se os orzamentos non saíran adiante.

Moitas grazas.

-Sr.Carballeira López: bueno, eu antes de nada quero adicar un momento como non pode ser doutra maneira, parabenizar esta ferramenta que é o POS+, o Plan Único da Deputación, da Coruña. A parabenizalo e como non, a enorgullecerme como BNG, xa que dende a Deputación lembremos que para nós é unha entidade obsoleta e sen sentido administrativo. Polo menos, fomos quen de crear esta ferramenta que para repartir os cartos equitativamente entre todos os concellos, e non a dedo como en tempos máis escuros antes da chegada do BNG porque se así seguísemos creo que todos e todas podíamos ter claro que a saber que sería de nós Narón, e que sería de nós porque vemos un nivel de investimento doutras administracións, que claramente nos marxina cando o carto se move a dedo. E que sería de nós cando en Narón vemos que a capacidade de investimento do concello sería casi nula se non fose polo Plan Único da Deputación, creado e xestionado actualmente polo BNG para que cada concello invista no que considere necesario. E así chegan a Narón estas actuacións cunha achega da Deputación nesta primeira fase do POS+ de máis de 1,5 millóns de euros, que logo se verá incrementada presumiblemente moitísimo máis de medio millón de euros, proxectado aquí no POS+Adicional. Nesta ocasión o BNG de Narón sentimos a satisfacción de ver como as nosas demandas en materia de investimento foron escoitadas e atendidas. E aínda que claro está, non se cumpre aquí en todo o noso programa electoral enteiro neste punto, no, si vemos 7 investimentos de calado que consideramos indispensables para Narón.

Sete agora pero non renunciamos a moitos máis xa que o noso concello está falto de grandes actuacións que rehabiliten o rural, podemos poñer por exemplo, a cuberta da pista de Doso. De plans directores para cada barrio e parroquia que indiquen un rumbo a seguir para os vindeiros anos. De infraestruturas para a saúde e o Deporte, de cumprir un plan de mobilidade, de rematar o saneamento no rural, de ampliar zonas verdes como a senda do Río Xuvia, de ampliar parques como o de Piñeiros, ou un gran parque canino que tamén pedimos, mellorar outros parques como o biosaudable da rúa Torrente Ballester, e un longo etc. que achegaría Narón á vanguardia do benestar pero para eso necesitamos aumentar a capacidade de investimentos que temos agora mesmo, e como dixemos noutras ocasións, hai 3 grandes puntos que debemos de corrixir. Necesitamos axustar o orzamento á realidade. E necesitamos non xerar tantos remanentes, e así buscar cartos para aumentar os investimentos. E lembremos

que en 2024, nos orzamentos iniciais, os investimentos reais, ía un 1.600.000 euros, por eso digo tamén que se non fose polo POS non teríamos investimentos.

Necesitamos uns servizos máis eficientes, sen ter que aumentar tampouco os impostos que se lle está cobrando á cidadanía, simplemente buscar a maneira de dar un bo servizo a un prezo moito máis axustado. E necesitamos tamén rebaixar as competencias impropias que estamos asumindo. Ben sei que eso depende que a Xunta empece a actuar correctamente. E podemos poñer por exemplo, o SAF que nos afoga a Narón e ao resto dos concellos. Pero para eso, para chegar a Narón e ao benestar da veciñanza, o BNG estamos aquí tal e como prometimos noutras veces neste Pleno a nosa militancia e ao electorado nesa modesta campaña electoral, modesta nos medios, non no fin que sabemos que temos un Narón moi traballado dende o BNG e cun proxecto moi claro.

Dende a oposición, prometimos dende todos estes sitios, que dende a oposición, que seremos firmes, e o estamos sendo. Seremos tamén constructivas e aproveitaremos calquera oportunidade para poder mellorar o noso concello e nesas estamos.

O noso voto como non, será favorable. O POS que se presenta, quizais non seña perfecto, a nós tamén nos gustaría non ter que usar cartos para gasto corrente pero sabemos chegar a acordos, sabemos que hai uns puntos que hai que corrixir como dixen antes. E como non, o voto será favorable aínda que non sexa necesario que coa abstención doutro grupo se aprobara pero pensamos que así o merece este punto.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa. Bos días a todas e a todos.

O primeiro gustaríanos que alguén nos explique cales foron as razóns de non levar ao pleno ordinario do 30 de xaneiro o POS + 2025, é algo que nos sorprende 8 días despois ter este pleno extraordinario e se falamos da Comisión de Contas non serían 8 días, serían 3 días, algo que nos sorprende, que foi unha mala planificación .....

-Sra.alcaldesa: ... o último non o entendín.

-Sr.Castrillón Permuy: se fóra pola comisión sería 3 días, xa non sería 8 días, á Comisión de Contas. É algo que nos gustaría dende logo, que alguén nos explicara. Digo que non podo entender como este plan POS+2025 que non veu ao pleno ordinario de 30 de xaneiro. En fin, gustaríanos saber os motivos porque ademais 8 días despois e resulta que se falamos da Comisión de Contas foron 3 días, que non nin 8. Eso é algo que bueno, que é unha falta de planificación importante por parte do goberno, unha vez máis, no.

Ademais eu comenteillo ao presidente da Comisión de Contas na comisión ordinaria, e deu a calada por resposta, e díxome que había tempo suficiente. A min xa me estranaba, porque sabía que hoxe é o último día ás 3 da tarde para ter todo presentado. Por eso sorprendeume no, que me contestara desa forma.

Pero bueno, pasando ao tema das propostas que fan sobre o POS, bueno entendemos que posiblemente que todas estas obras que se propoñen son necesarias, e posiblemente algunhas desde hai moito tempo que xa serían necesarias pero hai algunha que nos chama poderosamente a atención, que o comentamos tamén na Comisión de Contas o outro día que é o 2 proxectos que se van para a zona de A Rocha, na parroquia de Sedes, no.

A reposición de rodadura dos camiños nese proxecto, vai incluído na zona de A Rocha e vai despois no complementario do POS pois un saneamento para a mesma zona, ademais na mesma zona, é a mesma zona, nos planos están clavados no. Só hai un vial que non está afectado polo tema da reposición de rodadura pero os outros si están afectados e non podemos

entender que se propoña a orden que se propón estes proxectos, é dicir, primeiro reparamos a rodadura nesa zona e despois facemos un saneamento onde volvemos a levantar todo o que acabamos de facer. Algo que é sorprendente e que espero que hoxe o Sr.Portavoz nos poida explicar cal é o motivo de facelo por este orden, e que creo que ademais Narón non está para derrochar fondos públicos desa forma, porque se o facemos e dentro de 6 meses volvemos a levantar, creo que temos moitas zonas onde é necesario investir e facer actuacións para que non ocorra esto.

E despois dende este grupo como é habitual vimos propoñendo cantidade de obras que hai que facer e que vemos que non se nos está escoitando, algunhas incluso do ano 2021, como pode ser o camiño da Vaqueriza en San Mateo e despois temos o camiño do Lodairo que se presentou en varias ocasións xa, camiño Fonte das Bestas, camiño da Lameira, e rehabilitación do contorno da urbanización O Couto, que algunha cousa se fixo alí pero non todo o necesario e quedaramos que se aprobara en pleno, incluso se aprobara neste pleno a cubrición das pistas de Doso e San Xiao e se propuxera que se presentara no pleno, vemos que non ven ningunha no POS, vemos que non ven ningunha delas bueno, e moitas máis que podíamos ....

A todo isto hai outro tema que nós non estamos de acordo e o dixemos en varias ocasións de que nos gastos correntes nesta ocasión pois é o 43% o que meten en gastos correntes, que son 707.000 € aproximadamente.

A verdade é que nos sorprende que sigan utilizando estas grandes cantidades, hai 2 partes que entendemos que unha é para poder seguindo dando aire á empresa Cosma.

E outra, deste diñeiro tamén entendemos que pode ser que poidan utilízalos para determinadas inversións para algunha obra do seu interese e así poder evitar os pregos da Deputación que sabemos que son moito máis esixentes que os do propio concello. Polo tanto, nós non podemos votar a favor desas propostas por ese motivo principalmente, que nos gustaría que nos explicaran o que dixen deses 2 proxectos, que se están pisando o un ao outro e que creo que en sentido contrario e sobre todo tamén, o do 43% de gasto corrente.

Pola nosa parte, nada máis e moitas grazas.

-Sr.Romero Franco: ben, por unha parte, aclarar que loxicamente que este Plan Provincial non pon ningún tipo de limitación acerca da cantidade que se utiliza para gasto corrente ou de inversión e loxicamente decidimos poñer esta cantidade, tamén nos sorprende o cambio de voto con respecto ao ano pasado do Partido Socialista cando o ano pasado nunhas circunstancias practicamente similares, incluso cunha porcentaxe de gasto corrente maior, si que votou a favor deste plan provincial, entón poñer a escusa este ano neste cando o ano pasado pois si que votou a favor, mostra unha clara falta de criterio na súa liña política.

E evidente que o número de obras que poderíamos levar sería ... vamos poderíamos facer.. estaríamos encantados de poder levar unha lista enorme de obras..... se a aportación que fixo a Deputación pois fóra do dobre, do triple e tiveramos 4 millóns máis para poder executar obras. Pero neste caso, loxicamente temos esta cantidade e temos que escoller estas obras determinadas. E loxicamente, sempre como levamos feito, levamos unha cantidade de gasto corrente porque loxicamente quen xestiona ten que ser consciente tamén dunha certa estabilidade económica deste concello e loxicamente pois pensando nesa parte tamén, pois por eso levamos a cabo ese importe para gasto corrente.

Como resposta tamén a algún comentario que fixo neste caso, o Bloque Nacionalista pois dicir que acerca dos impostos como ben sabedes, levamos moito tempo cos impostos que non se modifican e loxicamente e se facedes unha análise da parte da ... dos servizos, loxicamente intentamos sempre que sexa da maior calidade posible, pero tamén sabedes e sen

entrar directamente nas obras, que a gran maioría ven dado pola seguridade do prezo, hai moitas empresas de servizos que traballan para este concello que bastante aportan, é un traballo simplemente persoal, de xente que executa o traballo e loxicamente os custos salariais por melloras nos postos de traballo loxicamente, fai que aumente considerablemente ese custo neses servizos desas empresas que están contratadas desde este concello.

O Partido Popular, planificación, lle presenta a este punto unha emenda ao que vostede mesmo aprobou positivamente e traer un punto que foi aprobado na presentación do POS do ano pasado, unha obra exacta que se presentou e vostede mesmo votou a favor acerca dela e a trae como emenda a este ..... E que me fale de planificación.....

Outra cousa é que non minto, nin nas comisións nin no tal... non é como algo habitual que se soe facer neste Pleno. Pero eu no, eu non minto, entón, que había tempo suficiente, que dixeran eu que había tempo suficiente na comisión, eso non é certo. Puiden dicir que é o que fago habitualmente, que se algún dato non teño nese momento, que o consultarei e preguntarei e darei resposta.

Agora que había tempo suficiente, eu creo que esa resposta non saíu pola miña boca. E acerca das 2 obras que van relacionadas coa mesma zona pois loxicamente como tamén volvo a repetir, cando non teño unha información directa, digo que o consultarei e ademais é loxicamente consultada. Agora mesmo esa zona está bastante deteriorada, entón, loxicamente o POS non é de execución inmediata, entón a previsión é facer unha capa de riego asfáltico para adecentar esa pista e loxicamente despois cando se execute o saneamento, pois se acabará de amañar definitivamente.

Por eso loxicamente, eso xa estaba planificado, e xa estaba previsto e xa se era coñecedor desta zona e loxicamente pois levaranno a cabo a obra desa maneira. Así que nada máis e moitas grazas.

-Sr.Ulla Rocha: grazas.

Bueno, contestar por alusións. Non tiñamos pensado intervir moito máis porque creo que xa quedou bastante claro na nosa exposición inicial pois cal era o noso plantexamento. Afortunadamente como están grabadas as sesións, o ano pasado si que se trouxo a este Pleno outra vez o POS do ano 2024 e naquela ocasión –está grabado- o Partido Socialista dixo que neste caso, falando naquel momento, que chegando digamos, que parte das memorias que estaban feitas cando o Partido Socialista actual non estaba dentro do que é este Pleno, pois que ía validar e que ía votar a favor. Pero que nun futuro se non se sentaban con nós, que nós non íamos a votar a favor porque non estabamos dispostos a dar cheques en branco.

Bueno, esto ven a colación, a conta do que pasou nos orzamentos o ano pasado e o que pasou no POS este ano. É dicir, o Partido Socialista non é unha comparsa. Nin vai ser chave nin moeda de cambio nin que se utilice para chegar a acordos con outras forzas.

Mire, na exposición do voceiro do BNG, dixo que no BNG cumpren os acordos. A ver, se cumpren os acordos eu entendo que teñen un acordo co BNG. Entonces por que lles ten que votar a favor o Partido Socialista si non inclúe nin unha soa obra das que inclúe o Partido Socialista. A ver, eu creo que calquera que nos esté vendo na casa ou incluso calquera de vos aquí entenderedes que a oposición e o voto de abstención do Partido Socialista é o voto lóxico.

Pero é que ademais, e quero aproveitar, adiantarvos unha cousa. Mira, eu non levo en política tanto coma vos. Vale, nalgúns casos como vostede Sra.Ferreiro, que leva aquí 20 anos. Eu no, pero na miña vida profesional e na miña vida fóra de aquí, pois a min me gusta tratar con respecto e con educación aos demais e cando eu me sento a negociar os presupostos, o POS ou o que sexa, traslado a miña oferta e non se me contesta pero aparece na orde do día os

presupostos, ou aparece na orde do Día o POS. É dicir, xa teño negativa a miña proposta. Home eu creo que o cortés, o decoroso sería descolgar o teléfono, mandar unha mensaxe, e non sei, dicir, oe Jorge, non aceptamos as propostas do PSOE. E xa está. Agora que nos chamen para faltarnos ao respecto ao Partido Socialista xa lles digo que no. Temos casi 150 anos de historia, non o imos permitir.

Entón hoxe ímonos abster. Se o día de mañá queren negociar con nós o POS, queren negociar con nós nos orzamentos, si. Nós nos imos asentar porque nós sempre estamos dispostos a falar polo ben de Narón, e sempre estamos a falar, sempre, en liñas vermellas. Agora o que non imos a facer é que nos tomen o pelo, nin a nós, nin aos nosos votantes e por ende, ao conxunto de veciños e veciñas de Narón. Moitas grazas.

-Sr.Carballeira López: bueno, eu si que non tiña pensado dicir moito máis pero non sei se entendín ben agora a intervención do Sr.Ulla. Non sei se puxeche na miña boca, que dixen que nós cumprimos os nosos acordos, o BNG, eu non me dou conta de dicir eso. A verdade. De todos os xeitos direi que o BNG se chega a un acordo sempre o cumpre. Non sei se podedes dicir o mesmo o resto dos partidos.

De todas maneiras, bueno, tamén falabas un pouco a raíz dese comentario, da moeda de cambio pero despois dixeches que tiñades unha má tendida para negociar. Nós realmente outros anos, ou noutras ocasións criticamos que non se falou con nós para chegar a un acordo. Desta volta si se fixo e estamos contentos de incluír parte do noso programa electoral sempre que se poida.

Nós en todo caso, o que non imos a facer nunca é oposición da oposición. E non nos caen os aneis para chegar a acordos nin coa oposición, nin co goberno, nin con quen nos permita facer cousas boas para Narón, que para eso estamos aquí. Entonces, non entendo si había unha crítica, aí non a entendo a verdade. Nós estamos ben contentos co resultado, falouse con nos que era o que pediamos noutras ocasións e nós temos que traballar para a xente que confiou en nós e é o que estamos facendo.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Bueno a verdade é que me queira negar o que pasou na Comisión de Contas ordinaria, pois paréceme raro e sorprendente. Pero bueno. Estamos acostumados Sr.Román, non se preocupe por eso. E sobre esa emenda que metimos, bueno, pois é verdade que tamén é certo que a Pena de Embade non ía porque puxeron vostedes Castro e agora apareceu.

E alí Travesía o Salgueiral tamén aparece como travesía, pero é certo que está metida porque o comprobei, pero oie, igual é que estamos pensando que a ver se pasaba como na rúa San Carlos que foi ao POS de hai 3 ou 4 anos, e aínda está sen executar. Entonces igual tamén poderíanos pasar eso, no. Que sería bo que nos explicaran tamén que pasou con eso por que non se fai. Así como a travesía San Carlos que o outro día tamén lle preguntei por esa travesía, que ía pasar con esa, cando hai un acordo cos veciños e se acordou de que se ía facer eso e que levamos 3 anos esperando, e non está nin no POS nin sabemos o que vai pasar con eso porque tampouco non me contestou.

E referente a eses 2 proxectos que falei de A Rocha, home, a realidade é que o que me acaba de dicir é sorprendente que se faga, que se van a reparar primeiro e despois que vaia facer, utilízalos e facer a obra seguinte. Creo que é unha falta, o orde non corresponde como debería ser e non nos parece normal que o fagan así.

Polo tanto, nós ímonos abster .... de todas formas estaremos moi pendentes co que van facer nesa zona porque consideramos que non se pode plantexar proxectos nese sentido. Pola nosa parte, nada máis. Moitas grazas.



-Sr.Romero Franco: ben, por dar resposta, eu creo que pola nosa parte sempre tratamos con respecto e educación e sen mentiras aos grupos da oposición. Só por aclarar. E por dar resposta tamén ao Partido Socialista acerca da negociación e que non son unha comparsa, seguramente a iniciación do POS, o lóxico sería ser ... home intentar chegar a un acordo co grupo que está gobernando. Seguramente o grupo que non a comparsa, seguramente negociou ou intentar negociar ese POS dunha forma bastante diferente.

E xa por rematar consideramos e volvo a repetir, que o noso proxecto tamén para Narón é claro, creo que vimos demostrando durante todos estes anos que levamos no goberno con proxectos claros de accesibilidade e saneamento maiores neste caso, mirando pola zona rural, e cremos que son obras importantes para o noso concello e esperemos ou nos gustaría polo menos, que por sentido da responsabilidade todos os grupos deste Pleno pois votaran a favor. Se non é así, como xa manifestaron, pois aprobaremos este POS e seguiremos adiante. Moitas grazas.

-Sra.alcaldesa: vale, por unhas cousas que saíron, bueno agradecer neste caso o voto positivo do BNG e pola intervención que facías, evidentemente nós tratamos de buscar fondos de todos lados e falabas neste caso a senda da Ría, do plan director das parroquias, de implementar o PEMUS, eso é algo que imos solicitar os fondos e dis que sae esa convocatoria agora e que iría dentro da Axenda Urbana. Entonces por eso, evidentemente aquí veñen unhas obras pero non quita de que queiramos e neste caso, estamos chamando a todas as portas doutras administracións a ver se o resto do que queremos e do que temos plantexado para Narón o conseguimos.

Pasamos a votar.

Bo día a todas e a todos. Grazas.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: 10 A Favor

PP: 6 Abstencións

BNG: 3 A Favor

PSdeG-PSOE: 2 Abstencións

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a xuntanza, sendo as 10:00 horas da data indicada na cabeceira, en proba de todo o que se estende a presente acta que é asinada polo Sra. alcaldesa comigo o secretario xeral que DÁ FE.

V. e pr.

F\_FIRMA\_96

F\_FIRMA\_4